



MAIS CANTOS D E NADAL

O *Nadal* tamén é un *lugar de encontro*.
Cantamos para celebrar, encontrarnos e facer comunidade.



MAIS CANTOS
Cantar xuntos para crear comunidade



UNHA VISIÓN PROPIA DO NADAL



Antes do Nadal, estaba o inverno.

Mais Cantos propón unha maneira propia de celebrar o Nadal,
conectada coa súa dimensión máis ancestral:
o solsticio de inverno, o recollemento, a comunidade e
a **victoria simbólica da luz** sobre as tebras.

Un tempo para regresar ao esencial. Á casa, á familia escollida,
á amizade, á fraternidade e á necesidade humana de
reunírmonos cando as noites son máis longas.

Desde esa mirada construímos un **ritual contemporáneo de Nadal**
no que **cantar xuntos** volve significar encontrarnos,
acompañarnos e celebrar que formamos parte dunha comunidade.

*O Nadal tamén é
un lugar de encontro.*





UN NADAL QUE SOA A NÓS



Hai moitas maneiras de cantar o Nadal. Esta é a nosa.

O repertorio de Mais Cantos de Nadal nace dun traballo propio de procura e recuperación de **panxoliñas, cantos de Nadal, Aninovo e Reis**, con especial atención ao patrimonio musical galego e á memoria oral.



Non buscamos reproducir un Nadal musical globalizado, senón construír unha celebración **recoñecible, próxima e profundamente vinculada ao territorio.**



Cancións fermosísimas, algunhas coñecidas e outras case esquecidas, regresan á rúa para volver cumprir a función para a que naceron:
ser cantadas en comunidade.



MEMORIA



PATRIMONIO



TRANSMISIÓN





UNHA EXPERIENCIA ESCÉNICA ESCALABLE



Unha comunidade que transforma o lugar polo que pasa.

A identidade visual de Mais Cantos de Nadal está especialmente coidada:
capas verdes, coroas de acivro, branco, luz e reminiscencias
dun Nadal dickensiano,
creando unha imaxe colectiva elegante, cálida e inmediatamente recoñecible.



A proposta pode desenvolverse como canto comunitario itinerante
por rúas e prazas ou medrar segundo o contexto, o espazo e o orzamento,
incorporando músicos profesionais, piano de cola, coro de cámara,
danza, pintura ao vivo ou outras disciplinas artísticas.

Non cambia a esencia. *Cambia a escala.*



CANTO
COMUNITARIO



MÚSICOS
PROFESIONAIS



PIANO
DE COLA



CORO
DE CÁMARA



DANZA



PINTURA
AO VIVO

Da pequena praza á gran celebración colectiva.





— — — — —
— — — — —
MAIS CANTOS
— — — — —
DE
— — — — —
NADAL
— — — — —

O *Nadal* tamén é un *lugar de encontro*.

CANTO COMUNITARIO — RITUAL CONTEMPORÁNEO — ESPAZO PÚBLICO — COMPLÉMENTAA CON



MAIS CANTOS
— — — — —
Cantar xuntos para crear comunidade
— — — — —



(+34) 647647404



nelson.quinteiro@gmail.com



www.maiscantos.org